

NOTA DE PRENSA

Melchor, Gaspar e Baltasar serán recibidos na Casa Consistorial polo Alcalde e a corporación municipal

Oito carrozas participan na comitiva que protagonizará mañá a Cabalgata de Reis en Boiro

Boiro, 4 de xaneiro de 2010. A parroquia de Santiago de Lampón e o Concello de Boiro organizan un ano máis a tradicional Cabalgata de Reis, que se celebrará mañá martes, día 5 de xaneiro, coa chegada das Súas Maxestades á localidade boirense. O Alcalde de Boiro, Xosé Deira Triañanes, xunto co Tenente de Alcalde, Juan Jesús Ares; o concelleiro de Cultura, Gerardo Piñeiro, e o párroco, D. Marcelino Sánchez Somoza, presentaron hoxe os detalles da celebración, á vez que animaron a tódolos boirenses a saír á rúa para recibir a Melchor, Gaspar e Baltasar.

Os Reis se desprazarán cunha comitiva formada por oito carrozas e unhas catrocentas persoas, que sairá ás 17.30 horas do aparcamento da igrexa da Magdalena, en Lampón. Percorrerá a estrada AC-305 pasando por Goiáns e seguirá pola rúa Principal ata a Casa Consistorial, onde, sobre as 19.00 horas, os Reis serán recibidos polo Alcalde e outros membros da corporación. Logo seguirán o percorrido polas rúas peonís Santos Mieites e Pablo Iglesias, Avenida de Compostela e Praia Xardín ata chegar a Escarabote, onde, como remate, se oficiará unha misa no Centro Social.

A comitiva irá acompañada de varias agrupacións musicais, entre as que se atopan a Banda Municipal de Música de Boiro, a Banda de Cornetas e Tambores “Oje” de Ferrol, o Grupo de Gaitas “Buxaina” de Taragoña, o Grupo “Arume” e a charanga “Os Armadanzas”.

Saúdos. Gabinete de Prensa do Concello de Boiro